



Concello de Vigo  
Concellería de Participación Cidadá

## **OBRIGACIÓNS E NORMAS BÁSICAS DE COMPORTAMENTO DOS USUARIOS E USUARIAS NO CENTRO MUNICIPAL DE INTERNET**

Para facilitar o correcto funcionamento do Centro Municipal de Internet:

1. Só poderán acceder ao centro os maiores de 18 anos ou menores acompañados por un maior de idade e deberán acreditarse coa presentación do Documento Nacional de Identidade, ou documento acreditativo, ao responsable do centro.
2. Os usuarios e usuarias deberán contribuír ao coidado do material informático disposto no aula.
3. Non se admitirá mais dun usuario por cada computador.
4. Non se permitirá nos centros municipais: fumar, o consumo de alimentos e bebidas, falar en voz alta ou elevar o volume dos altofalantes.
5. Ante calquera anomalía ou dubida o usuario deberá dirixirse ao responsable de cada un dos centros municipais.
6. Os usuarios son responsables do bo uso da instalación, dos contidos, e das consultas realizadas, así como das mensaxes enviadas.
7. Queda terminantemente prohibido:
  - a) O envío de mensaxes de correo electrónico masivos ou ofensivos a través de páxinas de internet.
  - b) A distribución de software ilegal, así como calquera material considerado ilegal polas leis vixentes.
  - c) A realización de calquera actividade que poida menoscabar o correcto funcionamento dos equipos informáticos.
8. Os responsables de cada centro velarán polo adecuado cumprimento das normas sinaladas, adoptando as medidas que ao efecto consideren necesarias.
9. Non poderán instalar programas nin desconfigurar os mesmos, nin tampouco transferir copias de programas.
10. Os usuarios non poderán \*formatear, nin gardar programas no disco duro do computador, tampouco poderán borrar ficheiros existentes, nin gardar calquera tipo de información, sen autorización.
11. Os contidos accedidos non poderán conter información obscena ou violenta.
12. O tempo máximo do uso dos computadores será dunha hora (1 hora) diaria, que poderá ser incrementada se non hai usuarios e usuarias en espera.
13. Na dirección de correo electrónico [ofi.acidada@vigo.org](mailto:ofi.acidada@vigo.org) e no propio centro estamos a disposición dos usuarios e usuarias para recibir as suxestións que estimen oportunas.

**O incumprimento de calquera destas normas ocasionará a prohibición do acceso ás instalacións do centro.**